



## ACTIVIDADES 6

Familias cada día quedanos un pouquiño menos.

### ✓ SERIES

Facer series de cores con obxectos que teñamos na casa, por exemplo pinzas de tender a roupa:

- 3 anos empregaremos dúas cores,.
- 4 anos empregaremos tres cores.
- 5 anos empregan catro cores.

Despois poden plasmas as series en papel, facendo por exemplo círculos coas cores empregadas.

### ✓ FACEMOS SERPES

Empregando tapóns de botellas, pedras ou calquera outra cousa similar xogaremos a facer serpes. Botaremos un montón de tapóns (pedras ou o que decidamos) no centro e diremos un numero do 1 ao 10 e os nenos collen tapóns para formar unha serpe con esa cantidade.



✓ ¿CON QUEN VIVO?

Escribir os nomes das persoas que viven na casa e contar cantas letras ten cada un. Despois comparar cal é máis longo e máis curto...que letras teñen iguais etc

✓ Ler un conto que teñamos por casa e xogar a atopar palabras que empecen pola primeira letra do seu nome,

- Coa axuda dos maiores copiar ou debuxar o significado desas palabras.
- Despois faremos un debuxo libre.

✓ ADIVIÑA E ATOPA:

Esconderemos un obxecto nunha habitación: nun armario, nun estante... e o neno deberá atopalo facendo preguntas do tipo: ¿Está debaixo da cama?

Unha vez que se descubre onde estaba o obxecto resultaría divertido facer un mapa e facer un X no lugar onde se atopa oculto o obxecto,

- Despois pódense intercambiar os roles e ser os nenos os que escondan o obxecto.



## ✓ PUNTERÍA

Debuxar tiras anchas de cartolinas ou carton e pintalas e recortalas. Unir os extremos para formar aneis e despois darlle a volta a unha cadeira, banqueta etc e intentar encestar os aneis dentro das patas. Podemos aproveitar para facelo por cores (en cada pata unha cor), facer conteo de cantos encestamos e cantos non etc